

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Ponte de Amorín

A Ponte de Amorín está na parroquia de Corvite, concello de Abadín (Lugo).

1.- «Aquele era camiño e, ó mellor, salía unha besta do río e viña diante el, e cando chegaba á ponte, desaparecía e non sabía por donde marchaba.

Aí decían que había encanto algún día, que había, que o vían varias personas, non todas.

Outra vez viñan andando e aparecía un cadelo cabo deles, da persona que viña andando e cando lle parecía que quería mirar po cadelo xa non vía o cadelo, xa desaparecera o cadelo.

Outras veces aparecía unha muller, ó mellor, fiando nunha roca, fiando nas estopas. Pero eu teño oído que había eso algún día, pero eso eu xa non acordo eses tempos».

2.- «Na ponte de Amorín..., ¿quen sabe quen era? Naquel tempo, a ponte era unha ponte feita de paus e barcos, e entonces, claro, ó mellor pasaba por alí un home, e había unha muller fiando, e a muller taba fiando, e gardaba a roca, e tirábacha aí, así no medio da ponte, e claro, si a pisabas xa sabes que eras castigado, ó mellor arrastrábate quen sabe por donde. E si non a pisabas, dicíache:

Ben deitaches non me pisar, que si non habíasme de...

Eso teño oído eu cuarenta millóns de veces».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición das versións orais de (1) DIONISIO SOUTO VALLE (68 anos), Corvite, marzo de 1993, e de (2) SERAFÍN SOUTO FERNÁNDEZ (72 anos). O Carregal, Moncelos, 20 de outubro de 1992.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004